



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

### **ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº2 , Ordinaria REALIZADA O xoves 7 de abril de 2022 .**

#### **ASISTENTES**

##### **Presidente:**

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

##### **Concelleiros/as:**

PSdeG-PSOE

PABLO COUTO LOPEZ

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

LUCIA VAZQUEZ MOURIÑO

Partido Popular

DAVID FERNANDEZ BALSEIRO

MARGARITA RAMILO VARELA

CARLOS BARBEITO REY

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

Alternativa dos Veciños

MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ

FRANCISCO BELLO HERMIDA

RUBEN ANTONIO CAAMAÑO RODRIGUEZ

SUSANA GUIMAREY GARCIA

No adscrita

FLORINDA DUARTE GERPE

##### **Interventora:**


NOEMI GONZALEZ MATO

##### **Secretaria:**

EVA JARDÓN LÓPEZ

HORA DE INICIO: 20:32

HORA DE REMATE: 22:37



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:32 do xoves 7 de abril de 2022, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto 122/2022 do 4 de abril do 2022 e segundo acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense en sesión , Ordinaria, e en convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte.

### ORDE DO DÍA

#### Parte resolutiva da sesión

1. Proposta acordo aprobación modificación Ordenanza número 1 do Imposto de Bens Inmóbles.
2. Proposta acordo modificación Ordenanza fiscal número 5 reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.
3. Proposta da alcaldía ao pleno para solicitude de subvención nominativa á Excelentísima Deputación da Coruña para a realización da XVIII Festa do Pan.
4. Proposta da alcaldía ao pleno para a solicitude á Excelentísima Deputación da Coruña dunha subvención nominativa para facer fronte á redacción dun proxecto para a construción dunha nova EDAR no Quenllo.

#### Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

1. Dación de conta de decretos da Alcaldía dende o número 2/2022 ata o 121/2022 e, no seu caso, de reparos da intervención

#### Mocións dos grupos políticos, no seu caso.


#### Rogos e preguntas.

### **Parte resolutiva da sesión.**

#### **1.- Proposta acordo aprobación modificación Ordenanza número 1 do Imposto de Bens Inmóbles.**

O Alcalde expón o ditame da Comisión de Asuntos Xerais que deseguida se transcribe.

*“Na sesión realizada pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno o día luns 4 de abril de 2022 emitíuse o seguinte DITAME:*



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

**“Expediente núm.:** 2022/X006/000017

**Procedemento:** Modificación da Ordenanza Fiscal número 1 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

### **PROPOSTA DE ACORDO PARA A APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.**

Visto que, mediante Providencia de Alcaldía de data 22 de marzo de 2002, incoouse expediente co fin de modificar a Ordenanza fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles coa finalidade de adaptar o seu artigo 4.2.a)2, que regula os tramos de bonificación potestativa aplicable a cota íntegra do imposto a favor de aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de familia numerosa, á actual regulación das familias numerosas de carácter xeral e de carácter especial, que regula o artigo 4 da lei 40/2003, de 18 de novembro de protección as familias numerosas (en relación ao artigo 2 da mesma lei), e o artigo 11 da Lei 3/2011, de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia

Visto que, con data 25 de marzo de 2022 emitiuse pola Intervención informe do que resulta que queda suficientemente xustificado o cumprimento dos principios de boa regulación e de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, pois a modificación prevista na ordenanza vixente non xeran nin déficit nin superávit de xestión, da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles

Visto que, con data 25 de marzo de 2022 elaborouse pola Secretaría informe no que se avaliou a viabilidade e legalidade do proxecto e do procedemento, de acordo coa normativa aplicable.

Á vista de todo o que antecede e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes ACORDOS

**PRIMEIRO:** Que se aprobe provisionalmente a modificación do artigo 4.2.a)2. da Ordenanza Fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles para adecuar a regulación da bonificación do Imposto ás familias numerosas, nos termos que sinala a lexislación vixente, de forma, que a ordenanza quede redactada nos seguintes termos:

**“ ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

**Artigo 1. Normativa Aplicable.**



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*Este Concello, conforme ó autorizado polo R.D.Lei 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e de acordo co previsto no artigo 59.1.a) da citada Lei en orde á existencia do Imposto sobre Bens Inmóbles, establécese esta Ordenanza Fiscal, redactada conforme ó disposto nos artigos 60 a 77 da citada Lei.*

### *Artigo 2. Exencións*

#### *2.1. Exención por criterios de eficiencia e economía.*

*Ao abeiro do disposto no artigo 62.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establececese unha exención a favor dos seguintes bens inmóbeis:*

*a) Os de natureza urbana cunha cota líquida inferior a 6,00 €.*


*b) Os de natureza rústica, no caso de que para cada suxeito pasivo a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6,00 €.*

#### *2.2. Exención a favor dos bens que sexan titulares os centros sanitarios.*

*Ao abeiro do disposto no artigo 62.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e unha vez asinado o convenio entre este Concello e a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), de cesión da titularidade dos centros sanitarios de titularidade pública ao SERGAS, existentes no Concello de Carral, establecerase unha exención a favor de ditos bens, sempre que esteen directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos citados centros.*

### *Artigo 3. Cota tributaria, tipo de gravame e recargo*

*1. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de*



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*gravame ó que se refire o apartado 3 seguinte.*

*2. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra do imposto no importe das bonificacións previstas no artigo seguinte:*

*3. Os tipos de gravame aplicables neste municipio serán os seguintes:*

*a) Bens Inmobles de natureza urbana:*

*– Tipo de gravame xeral: 0,6%.*

*– Tipos de gravame segundo os usos catastrais dos bens inmobles urbanos:*

*– Bens de “uso industrial”. Se aplicará ós bens de valor catastral igual ou superior a 250.000,00 €, o tipo de gravame diferenciado do 0,9%.*

*b) Bens de natureza rústica: 0,40%*

*c) Bens de características especiais:*


*– Bens destinados á produción de enerxía eléctrica e gas, ó refino do petróleo e ás centrais nucleares: 1,3%.*

*– Bens destinados a presas, saltos de auga e encoros: 1,3%.*

### *Artigo 4. Bonificacións*

*4.1.- Sobre a cota íntegra do Imposto establécense as seguintes bonificacións obrigatorias:*

*a) De conformidade co apartado 1 do artigo 73 do TRLRFL, cando o soliciten os interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto da obra como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado, terán dereito a unha bonificación do 50 por 100 na cota íntegra do Imposto. A aplicación*



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*desta bonificación comprenderá, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o período posterior á terminación das mesmas, sempre que durante este tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que en ningún caso poida exceder de tres períodos impositivos.*

*Para poder optar a esta bonificación, os interesados deberán presentar unha solicitude dirixida ó Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de A Coruña, antes do inicio das obras, coa que se deberá entregar a seguinte documentación*

*- Copia do recibo do imposto sobre bens inmobles correspondente ó inmovible ó que se refire a solicitude. No caso no que non se dispoña deste, certificación expedida pola Xerencia do Catastro de A Coruña, na que se faga constar a referencia catastral do referido inmovible.*

*- Certificación de concesión da preceptiva licenzia municipal que autorice a realización das obras.*

*- Certificación do técnico-director das obras de construción, visado polo Colexio Oficial competente, na que se indique a data de comezo das obras.*

*- Documentación acreditativa de que o inmovible para o que se solicita a bonificación non figura entre o inmovilizado da empresa: célula de cualificación provisional no caso de vivendas de protección oficial, fotocopia compulsada do último balance de situación presentado ante Facenda.*

*- Documentación pola que se acredite que o inmovible para o que se solicita bonificación constitúe o obxecto da empresa de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria: fotocopia compulsada dos estatutos sociais ou fotocopia compulsada da declaración de alta no imposto de actividades económicas.*

*Á vista da documentación presentada, a Excmo. Deputación Provincial ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só surtirá efectos para o período impositivo seguinte ó inicio das obras, debendo solicitarse expresamente a súa prórroga para os dous períodos impositivos seguintes, achegando a documentación que acredite que se seguen a cumpri-los requisitos establecidos anteriormente. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido, dará lugar a inadmisión da mesma e a conseguinte denegación da bonificación.*

*b) Conforme ó parágrafo segundo do apartado 2 do citado artigo 73, fíxase unha*



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*bonificación do 50 por 100 na cota íntegra do imposto aplicable ás vivendas de protección oficial e ás que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma, previa solicitude dos interesados e poderá efectuarse en calquera momento anterior á finalización dos tres períodos impositivos seguintes á cualificación definitiva. Dita bonificación producirá efecto dende o período seguinte a aquel no que se solicite, e a súa duración finalizará ós tres anos da cualificación definitiva.*

*Para ter dereito a esta bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:*

*- Escrito de solicitude da bonificación dirixida ó Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de A Coruña , na que se indique o ben inmovible.*

*- Fotocopia compulsada da alteración catastral (MD 901).*

*- Fotocopia compulsada do certificado de cualificación de vivenda de protección oficial.*

*- Fotocopia compulsada da escritura ou nota simple rexistral do inmovible.*

*- Se na escritura pública non constara a referencia catastral, fotocopia compulsada do recibo do imposto sobre bens inmoables correspondente ó exercicio anterior.*

*c) Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos pola Lei 20/90, do 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal de Cooperativas.*

*4.2.- Sobre a cota íntegra do Imposto establécense as seguintes bonificacións potestativas:*

*a) 1.Establécese unha bonificación de entre o 60 e o 90 por cento sobre a cota tributaria íntegra aplicable ós bens inmoables de carácter residencial destinados a vivenda habitual e nos que figure como suxeito pasivo quen ostente a condición de titular dunha familia numerosa, sempre que se cumpra ademais que a suma dos valores catastrais de tódolos bens inmoables sitos no termo municipal de Carral, dos que sexan suxeitos pasivos o titular da familia numerosa ou algún dos membros da mesma, non exceda de 100.000 euros.*

**2. A bonificación establecerase tendo en conta os seguintes tramos:**

**- Bonificación do 60% para aqueles suxeitos pasivos titulares da condición de familia numerosa xeral.**

**- Bonificación do 90% para aqueles suxeitos pasivos titulares da condición de**



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

### ***familia numerosa especial.***

3. Os suxeitos pasivos que, cumprindo cos requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan desfrutar da bonificación, deberán presentar a correspondente solicitude dirixida ó Excmo. Sr. Presidente da Deputación de A Coruña, antes do 31 de marzo do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que surta efectos. Xuntamente co escrito deberase achegar a seguinte documentación:

- Copia compulsada do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
- Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido a situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, no que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita a bonificación.

4. Á vista da documentación presentada, a Excmo. Deputación ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só surtirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu desfrute. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido dará lugar a súa inadmisión e a conseguinte denegación da bonificación instada.

### *Artigo 5. Período impositivo e nacemento da obriga tributaria*

1. O período impositivo é o ano natural.
2. A obriga tributaria que conleva o imposto nace o primeiro día do ano.
3. As variacións de orde física, económica ou xurídica, incluíndo as modificacións da titularidade dos bens inmoables, terán efectividade no período impositivo seguinte a aquel no que se produzan ditas variacións.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

***A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor unha vez que se efectúe a publicación***





## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*do texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Coruña continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación.”*

**SEGUNDO.** *Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas*

*Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.*

**TERCEIRO.** *Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

*Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe*

*O alcalde*

*Francisco Javier Gestal Pose”*

**DEBATE** O Alcalde pregunta aos concelleiros se teñen algo que dicir.

A concelleira non adscrita toma a palabra para sinalar que na Comisión Informativa o Partido Popular fixo unha proposta ou enmenda e sempre cando sexa manter o que hai ou baixar os impostos ela estaría de acordo, polo que vai a esperar a que o Partido Popular faga a súa intervención.

O señor Pablo Couto sinala que están de acordo coa bonificación as familias numerosas e moi numerosas e entenden que este último ano de mandato non é o momento adecuado para facer unha baixada deste imposto, ademais no seu momento foi o Partido Popular quen subiu este imposto e a baixada tócalle ao partido que esta no goberno, polo que apoiarán a proposta do Alcalde.

O señor Mouriño toma a palabra para expor a súa proposta indicando que na situación actual, na que cada día sube o gasoil, a electricidade, a cesta da compra... que o coeficiente que aplican é do 0,6% e propoñen



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

que se baixe ao 0,5% e cre que é un aliciente para axudar as familias. E que lles parece ben a subida da bonificación as familias numerosas.

O Alcalde explica que isto non pode ser unha proposta porque non se limita ao punto que vai o pleno e que pasaría como unha moción e esta fora da orde do día e indica que no Plan de Axuste na Lei 4/2012 no que se solicitou un préstamo de 3 millóns para pago a provedores é por un período de 10 anos e que acaba no 2023, entre as medidas hai unha conxelación do 0,6% de todas formas isto elevárase aos técnicos e farase unha modificación da ordenanza se se pode facer, pero os informes que ten dos técnicos hai unha conxelación do 0.6 que non se pode modificar.

E no caso dunha moción debería xustificar a necesidade deste descenso dos impostos e presentar unha proposta fundada. No pleno faise unha proposta dun aumento do 0.6 para as familias numerosas e 0.9 para as familias numerosas especiais, non falamos en ningún momento de baixar un punto o IBI, de todos os xeitos votárase como unha moción o punto e se é correcto haberá que facer unha modificación da ordenanza, pero sen os informes dos técnicos non.


A concelleira non adscrita toma a palabra para dicir que lamenta escoitar ao partido socialista dicir que este non é o momento para baixar os impostos, cando precisamente é o momento para facelo.

Don Pablo Couto toma a palabra para dicir que el non dixo que non estiveramos a favor de baixar os impostos, senón que é ao que está no goberno ao que lle corresponde decidir

O señor Mouriño toma a palabra para dicir que a proposta que leva o Alcalde ao pleno é a que considera que ten que levar e pedirá informes aos técnicos para facer esas propostas, trae a Pleno unha modificación do IBI e sóbelle ás familias numerosas un 10% de bonificación e mesmo 90% a familias numerosas especiais, trae ese punto para debater e nós na Comisión Informativa presentámoslles unha proposta de baixar ao 5% o IBI e entendo que ten que haber informes de intervención, pero o resto dos membros da corporación tamén podemos facer unha proposta.

O Alcalde sinala que el soamente díxolle que esta proposta tena que xustificar correctamente cunha proposta fundada nos puntos que se presentan ao pleno, que é o aumento da bonificación, e que isto o pode presentar como unha moción e que debe ter en conta o que di o Real Decreto 4/2012.

O señor Mouriño pregunta se non se vai votar a proposta e o Alcalde lle contesta que irá como unha moción.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Non habendo máis intervencións, procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 8

- 3 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 4

- 0 PSdeG-PSOE
- 4 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Abstencións: 1

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

### **2.- Proposta acordo modificación Ordenanza fiscal número 5 reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.**

O Alcalde expón o ditame da Comisión de Asuntos Xerais que deseguida se transcribe.

*“Na sesión realizada pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno o día luns 4 de abril de 2022 emitíuse o seguinte DITAME:*



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

**“Expediente núm.: 2022/X006/000018**

**Procedemento:** Modificación da Ordenanza Fiscal número 5 Reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana

### **PROPOSTA DE ACORDO PARA A APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 5 DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

Visto que, mediante Providencia de Alcaldía de data 22 de marzo de 2002, incoouse expediente coa finalidade de modificar a Ordenanza fiscal número 5 Reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana co obxecto de adaptala as recentes modificacións normativas aprobadas en materia do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana que derivaron nunha nova redacción de parte do articulado que compón o réxime xurídico deste imposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto que, con data 23 de marzo de 2022 emitiuse pola Intervención informe do que resulta a modificación proposta é axeitada e en consecuencia é conforme cos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, toda vez que é imprescindible a súa adaptación á nova regulación.

Visto que, con data 25 de marzo de 2022 elaborouse pola Secretaría informe no que se avaliou a viabilidade e legalidade do proxecto e do procedemento, de acordo coa normativa aplicable.

Á vista de todo o que antecede e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO:** Que se aprobe provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 5 reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, substituíndo o seu contido parcialmente co fin de adecuar os elementos que constitúen a mesma para a determinación da cota tributaria nos seguintes termos:

**“ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

#### **ARTIGO 1.- Normativa Aplicable**



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

De conformidade co disposto nos artigo 15.1 e 59.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Concello de Carral establece o imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, que se exixirá conforme ao disposto en dita Lei e na presente Ordenanza Fiscal, ditada ó abeiro do establecido no artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

### ARTIGO 2.- Feito Impoñible.

1. Constitúe o feito imoñible do Imposto o incremento do valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os devanditos bens.

2. O título a que se refire o apartado anterior poderá consistir en:

- a. Negocio xurídico “mortis causa”.
- b. Declaración formal de herdeiros “ab intestato”.
- c. Negocio xurídico “inter vivos”, sexa de carácter oneroso ou gratuito.
- d. Expropiación forzosa.

3.- Terán a consideración de terreos de natureza urbana, a efectos do apartado 1 deste artigo:

a) os terreos que o planeamento municipal inclúe nesta clase por contar con acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas e subministración de enerxía eléctrica, debendo ter estes servizos características adecuadas para servir á edificación que sobre eles exista ou vaia a construírse. Tamén consideraranse urbanos os terreos que teñan a súa ordenación consolidada por ocupar a edificación o menos dous terceiras partes dos espazos aptos para a mesma, segundo a ordenación que o planeamento estableza.


b) Os que en execución do planeamento cheguen a dispoñer efectivamente dos mesmos elementos de urbanización a que se refire o parágrafo anterior.

- ) Os terreos clasificados de núcleo rural.
- d) os terreos clasificados de solo urbanizable.

### ARTIGO 3.-Actos non suxeitos.

1. Non está suxeito a este Imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis (artigo 104.2 TRLRFL).

2. Non se producirá a suxeición ao Imposto nos supostos de achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adjudicacións que ao seu favor e en pago delas verifíquense e transmisións que se fagan aos cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*Tampouco se producirá a suxeición ao Imposto nos supostos de transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de Sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal for o réxime económico matrimonial.*

*3. Non se devindicará o imposto con ocasión das achegas ou transmisións de bens inmobles efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, de 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que se lle transferiron, de acordo co establecido no artigo 48 do Real Decreto 1559/2012, de 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos.*

*Non se producirá o deueño do imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., a entidades participadas directa ou indirectamente pola devandita Sociedade en polo menos o 50% do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no momento inmediatamente anterior á transmisión, ou como consecuencia da mesma.*

*Non se devindicará o imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, aos fondos de activos bancarios, a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, de 14 de novembro.*

*Non se devindicará o imposto polas achegas ou transmisións que se produzan entre os citados Fondos durante o período de tempo de mantemento da exposición do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria aos Fondos, previsto no apartado 10 da devandita disposición adicional décima.*

*Na posterior transmisión dos inmobles entenderase que o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos non se interrompeu por causa da transmisión derivada das operacións previstas neste apartado.*

*4. Tampouco se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.*

*Para iso, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, a estes efectos, as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 106 do TRLRFL.*



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións:*

- a) o que conste no título que documente a operación ou*
- b) o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.*

*Cando se trate da transmisión dun inmovible no que exista solo e construción, tomarase como valor do solo a estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de devengo do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total, e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión coma, no seu caso, ao de adquisición.*


*Se a adquisición ou a transmisión tivera sido a título lucrativo, aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns, ou, de existir, o comprobado para tal imposto pola Administración Tributaria competente, debendo o interesado aportar a documentación acreditativa ao efecto.*

*Na posterior transmisión dos inmovibles aos que se refire este apartado, para o cómputo do período de tempo ao longo do que se ten posto de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmovibles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 2 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.*

### **ARTIGO 4. Exencións**

*1.- Estarán exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten coma consecuencia dos actos seguintes:*

- a) A constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.*
- b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado coma Conxunto Histórico-Artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos ditos inmovibles. Neste caso, deberán terse obtido as correspondentes licenzas, ou formalizado as comunicacións previas preceptivas, e deberá aportarse copia das mesmas xunto coa solicitude. Non caberá a exención nos casos nos que o feito imponible non fora declarado dentro dos prazos legais de declaración/comunicación ou solicitude da autorización urbanística.*



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*c) As transmisións realizadas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.*

*Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.*

*Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumírase o cumprimento deste requisito. No entanto, se con posterioridade se comprobase o contrario, procederase a virar a liquidación tributaria correspondente.*

*A estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela en a que figure empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se o devandito prazo fose inferior aos dous anos.*

*Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. A estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita.*

*A concorrencia dos requisitos circunscríbese e acreditarase polo transmitente ante esta corporación conforme ao previsto no artigo 105.1 c) do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

*2.- Así mesmo, están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a obrigaón de satisfacer o devandito Imposto recaia sobre as seguintes persoas ou Entidades:*

*a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais ás que pertenza o Municipio, así como os Organismos Autónomos do Estado e as Entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das devanditas Entidades Locais.*

*b) O Municipio da imposición e demais Entidades Locais integradas ou nas que se integre o devandito Municipio, así como as súas respectivas Entidades de dereito público de análogo carácter aos Organismos Autónomos do Estado.*





## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

c) *As Institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.*

d) *As Entidades xestoras da Seguridade Social, e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.*

e) *Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos ás mesmas.*

f) *A Cruz Vermella Española.*

g) *As persoas ou Entidades a cuxo favor se recoñeceu a exención en Tratados ou Convenios Internacionais.*

### ARTIGO 5. Suxeito Pasivo.

1. *Terán a condición de suxeitos pasivo deste imposto:*

a) *Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, o adquirente do terreo ou a persoa á que se lle constituía ou transmita o dereito real de que se trate.*

b) *Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, o transmitente do terreo ou a persoa que constituía o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa una persoa física non residente en España*

2. *Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica que adquira o terreo ou a favor da cal se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa una persoa física non residente en España.*

### ARTIGO 6. Base Impoñible

1.- *A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos*

2.- *A base imponible deste imposto será o resultado de multiplicar o valor do terreo no momento do deveción polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme ao que se estableza para cada ano no artigo 107.4 do R.D. Legislativo 2/2004, de 4 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da lei*



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*Reguladora das Facendas Locais, ou o que corresponda trala actualización que se realizará anualmente mediante norma con rango legal segundo o previsto no propio artigo 107.4 da norma.*

*3.-O valor do terreo no momento do devengo determinarse segundo as seguintes regras:*


*a) Nas transmisións de terreos, o valor dos mesmos será o que teña fixado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis. Cando o dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflecta modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da ponencia, poderase liquidar provisionalmente o imposto con arreglo a aquel valor. Nestes supostos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se teña obtido consonte aos procedementos de valoración catastral colectiva que se tramiten, referido á data do devengo. Cando a dita data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, éstos corríxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ao efecto nas Leis de Presupostos Xerais do Estado ou disposición de rango legal que o regule. Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou estando integrado nun ben inmóvil de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado valor catastral, o Concello poderá practicar liquidación cando o dito valor sexa determinado, referíndoo á data do devengo.*

*b) Na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos de dominio, as porcentaxes anuais establecidas no art. 107.4 do R. D. Lexislativo 2/2004 aplicaranse sobre a parte do valor definido no apartado anterior que represente, respecto daquel, o valor dos ditos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.*

*c) Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou mais prantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidas no art. 107.4 do R. D. Lexislativo 2/2004 aplicaranse sobre a parte do valor definida no apartado a) que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das prantas a construír en vó ou subsolo e a total superficie ou volume edificados unha vez construídas aquelas.*

*d) Nos supostos de expropiación forzosa, as porcentaxes anuais contidas no art. 107.4 do R. D. Lexislativo 2/2004 aplicaranse sobre a parte de prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, agás que o valor definido no apartado a) anterior fose inferior, pois en tal caso prevalecerá este último sobre o prezo xusto.*

*4. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 104.5 se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada con arranxo ao disposto nos apartados anteriores a este artigo, tomarase como base imponible o importe do*



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

*devandito incremento de valor.*

### ARTIGO 7. Tipo de gravame. Cota íntegra e Cota Líquida.

*O tipo de gravame do imposto será do 25%.*

*A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.*

*A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, as bonificacións a que se refire o artigo 8 da presente Ordenanza*

### ARTIGO 8. Bonificación

*Nas transmisión da propiedade da vivenda habitual do causante, o una constitución ou transmisión dun dereito real de goce limitativo de dominio sobre o referido ben, realizadas a título lucrativo por causa de norte, aplicarase una bonificación do 95% da cota cando sexan realizadas a favor de cónxuxe vivo ou persoa que acredite que convivirá co causante en relación análoga de afectividade, ascendentes ou descendentes, por natureza ou adopción.*

*Esta bonificación concederase, no seu caso, previa solicitude do suxeito pasivo dentro do prazo establecido para presentar a declaración tributaria.*

### ARTIGO 9. Devengo.

*1.-O Imposto devíndicase:*

*a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuíto, ínter vivos ou mortis causa, na data da transmisión.*

*b) Cando se constituía ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.*

*2.- Para os efectos do disposto no apartado anterior, considerarase como data de transmisión:*

*a) Nos actos ou contratos entre vivos, a do outorgamento dos documentos públicos e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun Rexistro Público ou da súa entrega a un funcionario por razón do seu oficio.*

*b) Nas transmisión por causa de norte, a do falecemento do causante.*

### ARTIGO 10. Devolucións.

*1.- Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme que tivo lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da*



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que o devandito acto ou contrato non lle tivera producido efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos desde que a resolución quedou firme. Enténdese que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións ás que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución fose declarada por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución algunha.*

*2.- Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a aveniencia en acto de conciliación e o simple allanamento á demanda.*


*3.- Nos actos ou contratos nos que medie algunha condición, a súa calificación farase segundo as prescricións contidas no Código Civil. Se fora suspensiva non se liquidará o imposto ata que se cumpra. Se a condición fora resolutoria, esixirase o imposto desde logo, a reserva, cando a condición se cumpra, de facela oportuna devolución, segundo a regra do apartado 1 anterior.*

### ARTIGO 11. Normas de xestión.

*1.- Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar, por calquera das vías oficiais de rexistro establecidas na vixente normativa, a declaración tributaria, onde se farán constar os elementos esenciais da relación tributaria para que a Administración poida practicar a liquidación tributaria correspondente. Á declaración xuntarase copia do/s documento/s no/s que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición, así coma dos documentos ou contratos nos que conste a adquisición dos terreos obxecto da declaración.*

*En particular, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:*

- a) Copia do documento no que conste o acto/contrato que orixine o feito imponible.*
- b) Copia do documento no que conste o título de adquisición orixinaria do terreo/inmable que se transmite. A estes efectos, lémbrese que a escritura de obra nova/división horizontal do edificio non é o título adquisitivo do inmable, senón que se deberá aportar o documento no que se instrumente a primeira adquisición do mesmo.*
- c) No caso de que o terreo que se transmite se teña adquirido a título gratuito, copia do modelo de liquidación do Imposto sobre Sucesións e Doazóns onde conste o valor atribuído a efectos de tal imposto na adquisición do terreo.*
- d) Copia do certificado de defunción, de últimas voluntades, e do testamento, no suposto de adquisición por herdanza, así como copias dos DNIs dos herdeiros.*



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

*e) De non constar nos documentos de adquisición ou transmisión, identificación da referencia catastral do/s ben/s obxecto de declaración.*

*2.- O interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor, e por tanto a non suxeición ao imposto, deberao sinalar na súa declaración, e aportar coa declaración os títulos que documenten a transmisión e a adquisición.*

*3.- Dita declaración deberase presentar nos seguintes prazos dende que se produza o devengo do imposto:*

*a) Cando se trate de actos "inter vivos", o prazo será de trinta días hábiles.*

*b) Cando se trate de actos "mortis causa", o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo. O dito prazo será igualmente aplicable aos negocios previstos na normativa de Dereito Civil de Galicia que se conceptúen na mesma como negocios xurídicos "mortis causa".*

*4.- Estarán asimesmo obrigados a comunicar ao Concello a realización do feito imponible nos mesmos prazos sinalados no punto anterior:*

*a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativo de dominio a título lucrativo por negocio xurídico "inter vivos": o doante ou persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.*

*b) Nas transmisións de terreos ou na constitución transmisión de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso: o adquirente ou a persoa a prol de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.*

### DISPOSICION DERRADEIRA.

*A presente modificación da Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial Provincial. “*

**SEGUNDO.** *Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas*

*Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.*



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo”.


### DEBATE.

O Alcalde pregunta aos concelleiros se teñen algo que dicir, a señora Duarte toma a palabra para dicir que ela está a favor deste punto de que hai que actualizalo, pero que na Comisión o Partido Popular fixo unha proposta de eliminar este imposto totalmente e visto o visto non vai prosperar. Volve ao punto anterior, e pregunta se esta é unha modificación que hai que facer porque non estaba adaptado a actualidade, o Alcalde contesta que si, e dona Florinda pregunta se no caso anterior foi decisión do Concello o é por aplicación da lei actual, o Alcalde contesta que tamén foi para adaptalo a lei actual.

O señor Couto toma a palabra para dicir que no tema da plusvalía eles teñen que dicir que están a favor dese imposto, pero consideran que o tipo debería baixar a un 15%. Doutra banda na proposta de alcaldía equipásenos os terreos urbanizables a terreos que deberían pagar esa plusvalía, cando realmente se non está executada a urbanización dos mesmos deberían considerarse como rústicos. Doutra banda a bonificación que se aplica por herdanza non debería limitarse á vivenda senón que debería estenderse a todos os terreos e propiedades desa herdanza. Doutra banda deberíamos baixar os coeficientes que están postos ao máximo que permite a lexislación actual, xa sei que é unha transposición da lei, pero deberíamos mirar de traspoñela do mellor modo posible e por tanto deberíamos ver de reducir os coeficientes especialmente naqueles terreos superiores aos 14 anos. Todas estas propostas poñeranas á súa disposición para que sexan trasladadas á ordenanza.

O Alcalde contesta que no caso dos veciños de Carral teñen unha bonificación dun 95% nesta ordenanza, no caso de transmisión mortis causa. O señor Pablo reitera a súas propostas.

Don José Luis toma a palabra para dicir que el remóntase á Comisión Informativa na que se fixo como proposta modificar a Ordenanza fiscal número 5 reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana e que eles fan unha contraproposta. Expón que a plusvalía hai concellos que a eliminaron, pódese aplicar ou non, supón ao ano uns 40.000 euros e engade que na proposta que fai deixa exentos ao SAREB, ás grandes empresas bancarias e tamén á Cruz Vermella e todas estas que non se lles aplica, que é normal, pero o normal é que unha persoa que teña un solar, que poida vendelo e non teña que pagar plusvalía e penso que é unha forma de estimular aos veciños dos arredores e aos de Carral, para que



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

poidan facer unha casa e entendemos que o normal é que se elimine a plusvalía.

Dona Florinda pide a palabra para preguntar ao señor Couto que diferenza hai entre esta modificación na que fai unha proposta de baixar e a anterior na que votou a favor de non baixar o IBI. Don Pablo explica que o IBI ten unha repercusión nas contas do Concello bastante máis importante que a plusvalía e que a quen lle toca baixar ese imposto é a quen está no goberno porque é quen coñece as contas, neste outro imposto, que é o da plusvalía non estamos de acordo de eliminalo completamente senón de facer as modificacións xa expostas.

Dona Florinda di que é incoherente, porque di que non esta a favor do Goberno e vota con el. Don Pablo sinala que eles non están nin a favor dun goberno nin doutro, senón que están a favor do pobo de Carral.

A señora Duarte sinala que votou a favor da primeira proposta, pensando nas arcas municipais e non nos problemas que poidan ter os veciños e o señor Couto reitera que eles entenden que a baixada do IBI correspóndelle a quen está no goberno e que eles simple e llanamente votaron a favor da bonificación ás familias numerosas.

Non habendo máis intervencións procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 5


- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 5

- 0 PSdeG-PSOE
- 4 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Abstencións: 3

- 3 PSdeG-PSOE



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Ante a situación de empate procédese a unha segunda votación co seguinte resultado.

Votos a favor: 5

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 5

- 0 PSdeG-PSOE
- 4 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Abstencións: 3

- 3 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Resultado: Calidade do Presidente

Estado Proposta: Aprobada

### **3.- Proposta da alcaldía ao pleno para solicitude de subvención nominativa á Excelentísima Deputación da Coruña para a realización da XVIII Festa do Pan.**

O Alcalde expón o ditame da Comisión de Asuntos Xerais que deseguida se transcribe.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno o día luns 4 de abril de 2022 emitíuse o seguinte DITAME:

“**DON FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE**, alcalde do Concello de Carral, tendo en conta que esta Administración vén celebrando dende fai anos a festa do pan de Carral co obxectivo de seguir apoiando e promovendo un produto básico como o pan e a forma artesán de elaboralo así como un oficio moi arraigado aquí, o de panadeiro/a, que supón ademais unha das principais fontes de ingresos a nivel municipal.

Tendo en conta que na anualidade 2020 non se puido realizar esta celebración a consecuencia da situación xerada polo virus da Covid-19 e que no 2021 o Concello só puido realizar unha xornada de exaltación en honor a este produto, neste 2022 preténdese retomar e continuar con esta celebración coa realización da XVIII Festa do Pan de Carral para a que os servizos técnicos municipais xa elaboraron unha memoria que inclúe unha proposta de gastos (orzamento).

Visto o orzamento que se achega coa memoria e que ascende a 49.999,62€ co que é intención deste Concello solicitar unha subvención nominativa á Excelentísima Deputación da Coruña para que apoiem economicamente esta iniciativa e así esta Administración poder facer fronte aos custos derivados dela e poder retomar e continuar coa súa celebración como se estaba facendo ata agora.

Visto o certificado emitido pola interventora municipal o 23 de novembro de 2021 no que se recolle que “para a anualidade 2022 practicouse a seguinte retención de crédito sobre exercicios futuros polo importe proposto: aplicación orzamentaria 4311.22626, exercicio orzamentario 2022, operación RCFUT1 220219000025, importe 10.000,00€”.

Por todo isto, e tendo en conta que a intención é a de solicitar o 80% do orzamento total á Deputación da Coruña a través dunha subvención nominativa para a que abriron de oficio expediente en subtel (CNV-C-ACT: XVIII FESTA DO PAN DE CARRAL), é polo que **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes acordos:

1.- Solicitar á Excelentísima Deputación Provincial unha subvención nominativa por importe de 49.999,70€ para a celebración da que sería a XVIII Festa do Pan de Carral, o que supón o 80% do orzamento total.



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

2.- *Aprobar a memoria na que se deixa constancia do interese público provincial, a declaración da excepcionalidade e singularidade do proxecto e da solicitude da subvención provincial así como o orzamento que acompaña a mesma, o cal cubrirá os gastos necesarios para a súa realización.*

3.- *Comprometer ao Concello de Carral a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos por importe 10.000€ que supón o 20% do orzamento total.*

4.- *Designar ao sr. alcalde, don Francisco Javier Gestal Pose (76339994G) para a sinatura do convenio.*


5.- *Declarar:*

- *Que este Concello non solicitou nin obtivo ningunha outra subvención para a mesma finalidade.*

- *Que este Concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.*

- *Que este Concello está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social, autorizando á Excelentísima Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos.*

- *Que este Concello declara coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos facilitados serán tratados pola Deputación coa finalidade de tramitar o procedemento de subvención. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o cumprimento dunha misión de interese público. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. A Deputación conservará estes datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para calquera outra*



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal)

- Que este Concello con data do 14 de outubro de 2021 (número de rexistro 2021-E-RC-1580) remitiu a través da plataforma telemática do Consello de Contas de Galicia e do Tribunal de Contas a conta Xeral do Concello, do exercicio 2020, aprobada na sesión plenaria ordinaria do 30 de setembro de 2021.

*Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe*

*O alcalde*

*Francisco Javier Gestal Pose”*


### **DEBATE.**

O Alcalde sinala que se trata dunha solicitude dunha subvención nominativa para facer fronte aos gastos derivados da Festa do Pan e para o fomento e maior difusión da mesma, a aportación do Concello nos anos anteriores foi moito menos, e que se queren máis información quen levaba este tema era a señora Lucía.

Dona Lucía entende que este ano o Concello pon menos cartos que nunca porque eses cartos veñen da Deputación, 40.000 euros da Deputación, 10.000 do Concello e se quedou cos panadeiros de por eles unha parte para cubrir o resto de gasto.

A señora Duarte toma a palabra para dicir que ela recorda facer a Festa do Pan durante anos e no orzamento do Concello hai unha partida duns 25.000 ou 30.000 euros para a festa do pan, evidentemente ten claro que eles non van saber facer a Festa do Pan como a facía ela, porque eles non están capacitados, o que se ve porque traen para solicitar á Deputación e traen o compromiso de que habilitarán a partida no orzamento, pero o orzamento non está e polo que len na prensa non teñen maioría para sacalo.

Eu vou votar a favor de que tramiten esta subvención, paréceme lamentable que chegasen a este extremo, que a concelleira de comercio mantivo reunións cos panadeiros e que os deixen tirados e que nestes tempos de pandemia, vaian pedir que poñan e que o Concello poña menos do que poñía antes, cando debería poñer máis. Vou votar a favor da subvención, esperando que tramiten o orzamento, porque se vostedes van asumir o 20% pero resulta que no orzamento do ano pasado, había unha partida para a Festa do Pan e vostedes eliminárona, se traballan cos orzamentos prorrogados non teñen partida para facer fronte a ese 20% e creo que son pouco ambiciosos, se despois de dous anos sen facer a Festa do Pan, co nivel que tiña, van cun orzamento tan baixo.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Don Pablo toma a palabra para expoñer que antes da pandemia, falando co señor Regueira, comentoulle se podía axudar a Carral e á Festa do Pan, solicitándolle 40.000 que é o que veñen dando para a Festa da Olaría en Buño, a Festa da Troita e as demais que hai, a resposta foi afirmativa. Lamentablemente chegou a pandemia, e a Festa do Pan quedou anulada, cando viron que a pandemia baixaba, volveron falar co señor Regueira e díxolles que si, que mantiña a súa palabra. A subvención ten un sistema burocrático e ten un traballo de negociación previo, antes de ir a pleno. Estamos moi orgullosos no grupo socialista de conseguir ese diñeiro, deixamos arrincado todo, falouse coas atraccións, coa xente de artesanía, contratáronse os mandilóns, fíxose unha proposta inicial de actuacións musicais, fíxose proposta de decoración e demais. Gustaríanos haber vido á reunión que tiveron onte cos panadeiros, pero non fomos convidados. Imos votar a favor da subvención, que se conseguiu desde o grupo socialista e non dubidan que a Festa do Pan sairá adiante, é necesaria, a xente e sobre todo os cativos, necesitan a festa e desfrutar. E que aínda que agora non esteamos no goberno, se necesitan algo aí estaremos para axudar no que faga falta, tanto aos panadeiros como ao Concello e desexar a mellor sorte do mundo.

O señor Mouriño toma a palabra e di que van votar que si, porque nunca votaron en contra de nada que veña doutras administracións e sexa positivo para Carral. Expón que en anos anteriores, solicitábase unha subvención á Deputación e á Xunta, pero o Concello esforzábase, porque consideraba que a Festa era o símbolo do Concello de Carral, e o Concello non a podería facer sen os panadeiros, e eles mollábanse moito e achegaban economicamente moito. Agora ben se esta subvención de 40.000 euros, compárase ca Festa do Oleiros, e danlle o mesmo, a Carral deberíalle pertencer máis. Pero espero que a Festa do Pan siga sendo un referente na comarca e espera que lles salga ben, e pide aos membros do equipo de goberno que se involucren. Benvinda a subvención aínda que chegue tarde porque o Concello terá que adiantar os cartos.

O Alcalde sinala que traen ao Pleno a solicitude da subvención e que a Festa é en maio, pero que loitaran con todas as súas forzas e estaran aquí sempre apoiando aos panadeiros, para que isto salga ben.

Non habendo máis intervencións procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 13

3 PSdeG-PSOE

4 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

1 No adscrita

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrita

0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrita

0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada


Sendo as 21:18 dona Margarita pide ao Alcalde ausentarse un momento do Salón de Plenos e don David Fernández Balseiro abandona a sesión, escusándose por motivos laborais.

#### **4.- Proposta da alcaldía ao pleno para a solicitude á Excelentísima Deputación da Coruña dunha subvención nominativa para facer fronte á redacción dun proxecto para a construción dunha nova EDAR no Quenllo.**

O Alcalde expón o ditame da Comisión informativa que deseguido se transcribe.

*“Na sesión realizada pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno o día luns 4 de abril de 2022 emitíuse o seguinte DITAME:*

**“DON FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE, alcalde do Concello de Carral, en relación coa posible solicitude á Excelentísima Deputación da Coruña dunha subvención nominativa para facer fronte á redacción**



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

dun proxecto para a construción dunha nova estación depuradora que viría a substituír a do Quenllo,  
**EXPÓN:**

A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local establece no seu artigo 25 as competencias propias dos municipios en diferentes materias entre as que se atopan o “c) Abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais”, igualmente a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia establece no seu artigo 26.3 que “En xeral, corresponde á Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia a coordinación da actuación das entidades locais neste ámbito e, igualmente, a regulación e outorgamento de auxilios económicos a ditas entidades locais nas materias da súa competencia.”

O Concello de Carral conta cunha estación depuradora de augas residuais sita no Quenllo que sofre deficiencias no tratamento das augas. As carencias xorden fundamentalmente polo tipo de carga de augas residuais urbanas e industriais que recibe e polo excesivo volume de auga entrante que acontece en certos momentos, o que fai imposible o tratamento adecuado coa situación actual da depuradora existente.

A actual planta de tratamento de vertidos da EDAR non é susceptible de ser renovada, sendo a única opción viable para corrixir a situación actual a construción dunha nova estación. Isto encóntrase acreditado no estudo elaborado pola empresa Applus a través do encargo da Xunta de Galicia, coñecedora da problemática no saneamento neste punto do Concello.

Os recursos dun Concello como o noso son limitados e o tratamento das augas é unha necesidade urxente e inaprazable polo que, tendo en conta que non é posible incluír esta actuación nos plans da Deputación da Coruña xa que non financia a elaboración de proxectos, sendo este o paso previo para corrixir a situación actual, é polo que dende este Concello se propón solicitar á Excelentísima Deputación da Coruña unha subvención nominativa para a financiación dos gastos derivados da redacción do proxecto da futura planta.

Para este fin, a intervención municipal, con data do 29 de marzo de 2022 emitiu informe no que se certifica que “Que O Concello de Carral ten capacidade suficiente no orzamento de 2022, aplicación orzamentaria 2022.160.22706 (vinculación 16.2) , para achegar ata o 20% do orzamento de execución por contrata, ata un importe máximo de 23.814,06 €” polo que en base a todo o anterior **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes acordos:

1.- Solicitar á Excelentísima Deputación Provincial unha subvención nominativa por importe de



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

95.256,26€, o que suporía o 80% do orzamento total, para a redacción dun proxecto para a construción dunha nova estación depuradora.

2.- *Aprobar a memoria técnica elabora polo técnico medioambiental na que se deixa constancia do interese público provincial, a declaración da excepcionalidade e singularidade do proxecto e da solicitude da subvención provincial así como o orzamento que acompaña á mesma, o cal cubrirá os gastos necesarios para a súa realización.*

3.- *Informar que o Concello de Carral ten capacidade suficiente no orzamento de 2022 para achegar ata o 20% do orzamento de execución por contrata, ata un máximo de 23.814,06€, que son os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal e que representa a parte que non financiaría a Deputación.*

4.- *Designar ao sr. alcalde, don Francisco Javier Gestal Pose (76339994G), para a sinatura do convenio.*

5.- *Declarar:*

- *Que este Concello non solicitou nin obtivo ningunha outra subvención para a mesma finalidade.*
- *Que este Concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.*
- *Que este Concello está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social, autorizando á Excelentísima Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos.*
- *Que este Concello declara coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos facilitados serán tratados pola Deputación coa finalidade de tramitar o procedemento de subvención. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o cumprimento dunha misión de interese público. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou*



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

por obriga legal. A Deputación conservará estes datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal)

- Que este Concello con data do 14 de outubro de 2021 (número de rexistro 2021-E-RC-1580) remitiu a través da plataforma telemática do Consello de Contas de Galicia e do Tribunal de Contas a conta Xeral do Concello, do exercicio 2020, aprobada na sesión plenaria ordinaria do 30 de setembro de 2021.

*Carral, na data da sinatura dixital*

*O alcalde*

*Francisco Javier Gestal Pose”*

O Alcalde toma a palabra para dicir que é coñecida a situación do EDAR do Quenllo, xa que non é actual, tal e como recollen as numerosas notificacións de Augas de Galicia sobre os vertidos ao río Brexo, non é unha falta de mantemento polo Concello, porque o mantemento corre de conta de EMALSA quen tamén leva moito tempo dicindo que se está incumprindo. Hai moitos informes que avalan todo isto. Hai estudos de alternativas encargados por Augas de Galicia e redactados por Applus que recolle que incumpre nos vertidos dende o ano 2011. Os técnicos informaron da imposibilidade de adaptar o EDAR actual e buscaron información do custo da obra, que está entorno aos 4 millóns de euros, e tamén empezaron a buscar financiación. Foron falar ca Concellería de Infraestruturas da Xunta e saíron co compromiso dun terzo Concello, un terzo Xunta, e un terzo Deputación. Tamén informáronse das axudas sobre transición xusta e o proxecto cumpre cos requisitos para acceder a unha das tres liñas da convocatoria e temos que intentar acceder a elas, xa que se financia o 100% e anticipan por partes as cantidades segundo se executan, que é a diferenza que existe co IDAE.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Tendo esta opción encima da mesa había que apostar por ela, polo que foron á Deputación da Coruña e faláron co interventor, o señor Pardellas, quen lles dixo que era un motivo máis que xustificádo para acceder co custo do proxecto a unha subvención nominativa, e un dos requisitos para solicitar a subvención é a aprobación en pleno, algo para o que espero ter o apoio do resto dos membros da Corporación.


Sendo as 21:22 reincorpórase á sesión a concelleira dona Margarita Ramilo Varela.

A señora Duarte toma a palabra para dicir que non se aprobaron as actas da Comisión e o Pleno anterior, pero que teñen na memoria o que pasou e vostede deixou quedar sobre a mesa un punto que era elaborar un Convenio coa universidade e comprometeuse a que vostede e un representante de cada grupo reuniríanse con EMALSA para revisar o convenio e que é o que tiña que facer EMALSA, porque os proxectos tiña que redactalos EMALSA e no pleno anterior díxonos que acababa de enterarse de que o convenio con EMALSA vencera, que non tiñamos convenio, pareceume súper grave, pero vostede segue camiñando ao seu ritmo e agora imos buscar quen nos financia isto. Esta vendo de reunirse con EMALSA, de asinar outro convenio con eles, para ter o mantemento e que redacten os proxectos? O plan director que xa estaba feito, con todos os bombeos, os colectores, levamos dous anos e pico, que empezamos cousas, e o traballo que había feito non serve para nada. Temos EMALSA, temos o plan director, e quere investir de deputación 120.000 euros. Pregunta si hai avances para ter unha reunión con EMALSA e se estarán os portavoces dos grupos políticos.

O alcalde contesta que non está falando dos avances para falar con EMALSA senón dunha subvención nominativa de 120.000 euros e pídelle que se limite ao punto.

Dona Florinda di que EMALSA é a encargada de redactar os proxectos de todo o que fai falta no Concello e pide que os leve á reunión con eles.

Don Pablo sinala que é necesario facer unha depuradora no Quenllo, pois os vertidos no río Brexo son intolerables e a depuradora que se fixo no seu día saíu mal. Dixeron que por transición xusta dan o 100% e adiántase o diñeiro, pero na Orde que hai, do BOE do 29 de decembro, a convocatoria aínda non saíu, fálase de adianto, pero non se di a forma, nin a forma de financiamento, é idéntica á IDAE, se antes non había un millón e medio de euros para humanizar o pobo, por que agora hai 4 millóns, cando non hai nin un só pobo en España que acometa el só unha obra destas características, de feito estamos a investir en papel 120.000 o que sería un investimento das normais, incluso dos grandes. E se tanto interese tiñan, por que non empezaron hai 3 anos e non cando queda un só ano, non será porque hai unha denuncia? Remata dicindo que, por suposto é necesaria a



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*


depuradora, pero contando con Augas de Galicia e pregunta en que finca se vai a facer, porque a que está aos pés do Quenllo, é inundable. E sinala que se se pode pedir está subvención está claro que se podía pedir a da IDAE o cal é moi grave.

O Alcalde contesta, que se buscou financiamento e que non se encontrou, dona Susana toma a palabra dicindo, que ela informou sobre os avances para o financiamento, e que lle pediu os seus e aínda os espera e pon como exemplo San Vicente de Vigo e As Travesas, locais sociais, financiados pola IDAE, finalizada a obra en 2019 e diñeiro recibido cero. O señor Couto pregunta se o Concello de Carral non vai recibir eses cartos, se o Estado español non paga as subvencións comprometidas. Dona Susana di que ten un correo electrónico remitido polo IDAE sobre o procedemento de pago, no que di que como non depende unicamente da aprobación do IDAE senón que teñen que remitilo ao Tribunal de Fondos Europeos, iso retárdao moitísimo. E sinala que se fixeron os certificados de idoneidade das parcelas e están en negociacións para a compra de 3. E no caso de non obter a subvención de transición xusta, teñen a outra opción. porque teñen o compromiso da Xunta de que financian un terzo, pero sería un pecado que chegáramos a maio e non teñamos o proxecto, e non corremos pola denuncia, porque está arquivada.

Don Pablo para terminar di que a subvención é para Concellos afectados polo peche de centrais, e que hai diferencias liñas, neste Concello tomouse a decisión unilateral de facer unha depuradora, e que con ese diñeiro podíanse facer moitas máis cousas, non unha depuradora sen contar con Augas de Galicia porque se imos da man deles, os trámites irían moito máis rápido.

Toma a palabra o señor Mouriño e sinala que fai dous meses o señor Alcalde acudiu a unha comisión informativa na que puxo en dúbida se había ou non convenio con EMALSA, puxo en dúbida se eu dicía a verdade, sobre se EMALSA tiña ou non que facer os proxectos, e chegou a dicir que EMALSA estaba en Carral, por facernos un favor e comprometeuse a falar co director xeral e cos técnicos, eu fíxenlle a proposta de que viñesen aquí e reunísese cos portavoces dos grupos políticos para aclarar se EMALSA era responsable de elaborar os proxectos que se tiñan que facer en Carral por mor do Plan Director ou non, hai mes e pico e aínda non chamou.

E por que temos que pedir 120.000 euros a Deputación, cando EMALSA ten a obrigaçión de facer os proxectos. O Alcalde dille que vaia con el a EMALSA para falar con esa persoa que lle fai os proxectos.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O señor Mouriño pide que se lles leve a unha reunión con EMALSA para aclarar o dos proxectos e que eses 120.000 euros van votar a favor e pódense modificar para outra cousa. E pregunta se pensa que por solicitar os 120.000 euros para facer o proxecto e logo pedir isto de transición xusta, o inglés non vai volver a denunciar e que se pensa que en tres anos imos seguir vertendo no río Brexo. O Alcalde preguntalle se se acorda agora e don Jose Luís contesta que foi alcalde ata o 2019 e que non houbo ningunha denuncia.

O Alcalde contesta que en 2011 hai un informe malo, en 2016 outro, en 2017 outro, que cando queira pode ir velos.

O señor Mouriño reitera a súa petición de que o Alcalde lles leve a falar con EMALSA e pide que sexa de palabra.

Non habendo máis debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 11

- 3 PSdeG-PSOE
- 3 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Abstencións: 1

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

1 No adscrita

0 Grupo Mixto

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

### **Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación.**

Dación de conta de decretos da Alcaldía dende o número 2/2022 ata o 121/2022 e, no seu caso, de reparos da intervención

### **Mocións dos grupos políticos, no seu caso.**

O grupo popular presentou en data 4 de abril do 2022, rexistro de entrada 20220000000522 a moción que deseguido se transcribe:

***“Moción do grupo municipal popular para paliar o impacto económico da invasión de Ucraia.***

*O Grupo Municipal Popular no Concello de Carral de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte proposta:*

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Galicia está ao carón dos esforzos que está a desenvolver a Unión Europea e os gobernos dos distintos estados membros, incluído o Goberno de España, reivindicando o restablecemento da legalidade internacional e da paz tras a invasión de Ucraia por parte de Rusia, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e na Constitución Europea.*

*De feito, desde a Comunidade Galega se condena esta agresión inxustificada e se amosa unha total disposición a colaborar nunha resposta humanitaria coordinada co Goberno central en apoio ao pobo ucraniano. Neste sentido, Galicia ten comunicado a disposición de máis de 1.400 prazas de acollida para refuxiados entres as habilitadas pola Xunta, concellos e entidades sociais; ao tempo que ten ofrecido preto de 500 camas nas sete áreas sanitarias con espazo específico para pacientes pediátricos e pacientes con tratamento oncolóxico, e traballar de forma activa na axuda humanitaria.*



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Pero, as incertezas que se derivan desta situación, unha das máis grandes vividas en Europa desde a segunda guerra mundial, están a provocar un excepcional impacto económico no tecido produtivo e nas familias, que están a facer fronte a unha escalada sen precedentes no relativo aos prezos enerxéticos, así como á escaseza dalgunhas materias primas esenciais na cadea agro-mar-industria e outras industrias. Ademais, empresas presentes nestes dous países ou que lles viñan exportando os seus produtos e servizos vense afectados por unha contracción dos seus mercados, ao igual que as localidades turísticas que acollían a súa cidadanía.

Como consecuencias, faise necesario adoptar medidas urxentes para que os sectores como a industria, o agro e o mar poidan continuar coa súa actividade, mantendo o emprego, e para que as

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no concello de Carral presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

1.- O Concello de Carral insta ao Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraia e, entre elas, as seguintes:


- a) Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo.
- b) Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo.
- c) Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.

2.- Así mesmo, o concello de Carral, insta á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraia (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería, turismo...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores.

En Carral, a 16 de marzo de 2022.

O portavoz do Grupo Municipal de Carral.

Jose Luis Fernández Mouriño.”



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O señor Mouriño, toma a palabra para xustificar a urxencia da moción na situación actual e na necesidade de que as Administracións se esforcen en facerlle a vida máis fácil as familias que agora mesmo non o están pasando ben.

Procédese á ratificar a urxencia da moción, co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 4

- 0 PSdeG-PSOE
- 3 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 7

- 2 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrita
- 0 Grupo Mixto


Abstencións: 1

- 1 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrita
- 0 Grupo Mixto

Non habendo maioría absoluta do número legal de membros para que quede aprobada a urxencia da moción, non procede o debate da mesma.

### **2.- Proposta do Grupo Popular sobre o IBI e o IIVTNU.**

O grupo popular presentou en data 4 de abril do 2022, rexistro de entrada 20220000000524 a moción que deseguido se transcribe:



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*“David Fernández Balseiro, concelleiro do Grupo Municipal Popular, o amparo do establecido no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986,*

*Expón:*

*O luns 4 de abril de 2022 celébrase comisión informativa de asuntos xerais para o Pleno,*

*No punto 2 proponse a modificación da ordenanza fiscal número 5 reguladora da plusvalía.*

*O Grupo Municipal Popular propón a anulación de dita ordenanza tendo en conta a situación económica de crise.*

*O punto 3 proponse a modificación da ordenanza fiscal número 1 do IBI.*

*O Grupo Municipal Popular propón a baixa do Imposto de Bens Inmóbiles a vivendas do 6 ó 5% mantendo a proposta de bonificación a familias numerosas do 60 e o 90%.*

*Carral, 2 de abril de 2022.*

*David Fernández Balseiro, Concelleiro do Grupo Municipal Popular.*

O Alcalde pregunta ao señor Mouriño se lle parece ben meter a proposta como moción ou se quere deixala enriba da mesa.

Don Jose Luis contesta que el cre que o Alcalde non está ben informado en canto ao Regulamento de Organización en Funcionamento das Entidades Locais, que el presenta unha proposta á comisión informativa con todos os informes, e que xa non é un decreto do Alcalde, tense que debater.

O Alcalde lle contesta que non está nos puntos da orde do día e que ten que ir como moción, que son os informes que lle dan os técnicos.

O señor Mouriño di que entón, presenta unha moción in voce, co contido da presentada co número de rexistro 20220000000524 anteriormente transcrita.

Procédese á ratificar a urxencia da moción, co seguinte resultado:


Votacións:

Votos a favor: 4

0 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

1 No adscrita

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 5

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

0 No adscrita

0 Grupo Mixto

Abstencións: 3

3 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrita

0 Grupo Mixto

Non habendo maioría absoluta do número legal de membros para que quede aprobada a urxencia da moción, non procede o debate da mesma.


**Dáse conta ao pleno da renuncia de dona Lucía Vázquez Mouriño do Grupo Municipal Socialista do Concello de Carral á súa acta de concelleira.**

Dona Lucía toma a palabra para despedirse.

### **8.- Rogos e preguntas.**

Dona Florinda toma a palabra para dicir que lle recorda ao señor Couto que no pleno seguinte ao de investidura, cando chegaron a un pacto lle dixo que era un erro moi grande porque non confiaban neles e que o único que fixeron foi entorpecer tres anos de goberno en Carral e lle da moita pena ver as declaracións do señor Couto de que o único obxectivo foi quitar o Partido Popular. O único entendemento ao que chegaron foi votar os soldos e os orzamentos anteriores, porque lles prometeron un caramelo que despois que quitáronllo, que foi a subvención que perdemos dun millón e oitocentos mil euros.





## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

Pasa despois as preguntas formulando as seguintes:

- Por que non convoca este pleno o xoves último do mes, porque leva facendo isto dous plenos e para modificar iso ten que falar cos voceiros dos partidos? E pregunta se no próximo pleno ordinario preséntase unha moción para retirarlle o soldo teñen pensado seguir gobernando sen cobrar?

- Se agora que están en minoría teñen pensado chamar aos voceiros da oposición para acordar os orzamentos ou teñen pensado presentalos sen acordo ningún.

O Alcalde contesta que cando chegue o momento contestásello.

Dona Florinda dirixe ao concelleiro de obras e servizos a seguinte pregunta:

- Se queda algunha partida no orzamento do ano pasado, prorrogado, de aglomerado para votar nos baches. Céntrase na carretera que vai a Novás, se teñen un momento para ir ver os baches que hai por alí, e tamén hai unhas raíces duns pinos. E como esa pista hai un montón de carreteras.

- Logo pregunta polo vídeo que se fixo sobre os muíños de Batán, o vídeo é precioso, pero di moitas mentiras, dicir que están perfectamente sinalizados e o resto do roteiro tamén, dicir que se moia o pan para facer os panadeiros é mentira.

O Alcalde dálle as grazas pola súa intervención.

O señor Couto fai a seguinte pregunta:


- Teñen por escrito o terzo que lles vai dar a Xunta?

Dona Susana contesta que se firmara o convenio unha vez falado coa Deputación.

Don Pablo toma a palabra para dicir que el deixara a portavocía e que vaise coa cabeza moi alta do traballo feito.

Dona Lucia informa que hai unha subvención para a sinalización dos muíños dende o cemiterio de Paleo ata os propios muíños e este ano perdeuse outra subvención de 30.000 euros porque non se fixeron os convenios necesarios, para facer a sinalización interior dos muíños.

O señor Mouriño pregunta:



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

- Cando saian axudas para humanizar, espera que podamos ter os votos suficientes para que o señor Alcalde e o equipo de goberno se de conta que hai que solicitar esa axuda ao ministerio que corresponda.

E en canto aos fondos da transición xusta, hai axudas para rehabilitar edificios e pode ser o momento de acondicionar o Víctor Velasco para facer un centro de día ou polo menos arranxar a casa reitoral de Tabeaio e facer un local social.

- E pregunta por que hoxe en día aínda non temos o orzamento para o ano 2022.
- Por que hoxe en día, cando no 2019 xa estaban resoltas as alegacións do Plan Xeral, aínda non está en exposición pública, nin aprobado provisionalmente. Por que non podemos dinamizar o comercio, a industria de Carral axilizando ese Plan para cambiar residencial a industrial.

A señora Margarita roga que se lles queda tempo libre se dean unha volta andando polo pobo e anotando ou sacando fotos das aceras, porque non teñen ni idea de como están.


O Alcalde lle contesta que o comunique por escrito para que poda ir o concelleiro e arranxar as mesmas.

A señora Margarita roga ao grupo Alternativa dos Veciños de Carral que se dediquen a facer o seu traballo e se deixen de usar as redes sociais para insultar e menospreciar e pregunta que se vostedes pensan que a ex concelleira de cultura non controla porque seguen a facer o mesmo que cando estaba esta concelleira e expón as actividades que se seguen a realizar.

Dona Susana, por alusións, diríxese ao señor Mouriño para dicir que agora esta claro porque non teñen o orzamento aprobado, pero fai memoria dos orzamentos prorrogados dende o 2004 ata o 2011 e di que efectivamente non teñen o apoio para aprobar o orzamento pero que poden traballar co orzamento que teñen.

Don Jose Luis di que a partir do 2011 aprobaron os orzamentos canda había que aprobalos e que se non teñen aprobados os orzamentos é porque non os presentan, porque están a disposición do Concello de Carral e do equipo de goberno para facer o mellor para Carral.

Ás 22:37 horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (2/2022) que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria do Concello, dou fe.



## **Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*po da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

O ALCALDE

A SECRETARIA DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Eva Jardón López